



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**METEOGALICIA**

*Informe climatolóxico*

*Mes de agosto 2009*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE AGOSTO 2009**



## 1.- Resumo

### **Mes caracterizado en xeral pola normalidade, tanto en chuvia como en temperatura**

Durante o mes de Agosto as condicións meteorolóxicas sobre Galicia tenderon á normalidade. Logo de que Xullo estivese caracterizado pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, en Agosto esta bolsa de aire frío moveuse cara ó norte deixando paso a entradas anticiclónicas máis intensas e duradeiras que no mes anterior. Así, o mes comezou co paso dunha fronte fría moi activa que deixou chuvias xeneralizadas, de certa intensidade durante a madrugada, pero logo desta fronte as altas presións entraron en Galicia e os días 2 e 3 as condicións foron estables, con predominio dos ceos pouco nubosos e ascenso das temperaturas. De tódolos xeitos durante a primeira semana do mes as condicións anticiclónicas non conseguiron establecerse con claridade, polo que nos días 4 e 6 Galicia rexistrou condicións intermedias, co paso de dúas fronteas pouco activas, que deixaron cadansúa baixada de temperaturas e aumento de nebulosidade. A partir do día 7 as altas presións movéronse cara ó norte da península Ibérica, quedando estacionarias durante os seguintes 13 días. Este foi polo tanto o período máis longo do verán con ceos despexados. Ademais a posición do anticiclón achegou unha masa de aire cálido, polo que as temperaturas foron altas en xeral. Entre os días 11 e 15 rexistráronse as máximas máis altas do mes, con máximas superiores ós 35°C en puntos do interior. O anticiclón debilitouse na xornada do 20, dando entrada a un novo centro de baixas presións, aínda que o anticiclón entrou novamente nas xornadas do 22 e 23. O mes pechouse cunha semana de tempo variable entre o 24 e o 28, con ceos máis toldados, temperaturas baixas e algunhas chuvias febles. Sen embargo na tarde do 28 as altas presións entraron novamente en Galicia deixando nos derradeiros días do mes unha situación de sol e calor xeneralizado en todo o país.

#### **Temperaturas:**

As temperaturas foron en xeral normais para a época do ano, con termómetros algo por riba do normal na segunda e terceira semana do mes, pero algo por debaixo na primeira e na última.

#### **Chuvias:**

Salvo no terzo norte da Comunidade o mes pode considerarse como seco, posto que agás na madrugada do primeiro día do mes as chuvias practicamente non apareceron no interior nin nas Rías Baixas.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm

### CIS FERROL

	AGOSTO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.7	19.4	21.5 (2003)	17.8 (1977)
Tª mínima media	16.4	16.1	18.1 (2003)	14.7 (1974)
Tª mínima absoluta	12.0 (día 21)	11.6 (29/08/1977; 1/08/1980)		
Tª máxima media	23.9	22.6	25.0 (2003)	20.7 (1977)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 14)	35.2 (20/08/1993)		
Precipitación acumulada	36.2	21-33	96 (1977)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	4	5	12 (1977)	1 (1998;81)

#### Comentario:

*Temperaturas medias e máximas superiores ao valor climático agardado polo que o mes pode considerarse cálido ou moi cálido(temperaturas máximas). En canto as mínimas o mes pode considerarse normal.*

*O mes pode considerarse húmido tendo en conta a precipitación rexistrada, os días de chuvia son próximos ao agardado.*



### SANTIAGO

	AGOSTO 2009	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.8	19.9	23.1 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.1	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	9.6 (día 25)	7.3 (29/8/1986)		
Tª máxima media	24.5	25.3	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	31.9 (día 12)	39.7 (12/8/2003)		
Precipitación acumulada	26.9	40-55	151 (1992)	1 (1998)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	3	5	12 (1992)	1 (1998)

#### Comentario:

*Mes frío en xeral para as temperaturas máximas e media, normal tendo en conta a temperatura mínima.*

*En canto a precipitación rexistrada é inferior ao valor climático agardado polo que o mes considérase seco, do mesmo xeito o número de días de chuvia é inferior ao valor climático.*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

### LUGO

	AGOSTO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.5	19.6	22.5 (2003)	17.0 (1983)
Tª mínima media	12.7	13.4	15.7 (1994)	11.0 (1974)
Tª mínima absoluta	8.4 (día 2)	5.0 (29/08/1986; 02/08/1978)		
Tª máxima media	25.6	25.7	29.4 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	34.4 (día 15)	40.0 (12/08/1987)		
Precipitación acumulada	11.6	20-30	93 (1976)	0 (1988;81)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	2	4	10 (1983,76)	0 (1988;81)

#### Comentario:

*Mes frío en xeral, se ben, en canto as temperaturas máximas pódese considerar normal.*

*A chuvia rexistrada é inferior ao valor agardado polo que o mes considérase seco. Os días de chuvia tamén foron inferiores ao valor climático.*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.3	20.1	22.7 (2003)	17.6 (1977)
Tª mínima media	15.2	14.3	17.6 (2003)	12.0 (1985)
Tª mínima absoluta	10.9 (día 25)	8.0 (23/08/1977)		
Tª máxima media	26.5	25.7	28.7 (1995)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	33.2 (día 11)	38.0 (12/08/2003)		
Precipitación acumulada	11.3	22-53	121 (1992)	0 (1981)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	1	5	10 (1986)	0 (1981, 78)

Comentario:

*Mes cálido en xeral tanto para a temperatura máxima como para a mínima, tendo en conta a temperatura media é normal.*

*A chuvia rexistrada é inferior ao valor agardado sendo o mes seco. Só houbo un día de choiva con precipitación superior a 1mm.*

### OURENSE

	AGOSTO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	22	22.2	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	15.6	14.4	17.3 (2003)	10.7 (1974)
Tª mínima absoluta	11.5 (día 26)	5.6 (26/08/1985)		
Tª máxima media	29.5	30.0	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	36.4 (día 15)	42.2 (04/08/1990)		
Precipitación acumulada	5.3	17-24	88 (1976)	0 (1981; 78)
Días de chuvia ( $\geq 1$ mm)	1	3	7 (1987; 76)	0 (2002; 88; 81; 79; 78)

Comentario:

*Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e medias, en canto as temperaturas mínimas o mes considérase cálido.*


*A precipitación rexistrada é inferior ao agardado polo que o mes considérase seco. Os días de chuvia tamén son inferiores ao agardado, de feito, só houbo un día de choiva en todo o mes.*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión a nivel medio do mar  
Mes de Agosto de 2009





### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa


Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.  
Mes de Agosto de 2009







### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx – 08/2009

www.meteogalicia.es






### 3.4.- Temperatura media das mínimas





**3.5.- Chuvia acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 08/2009

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)